

ADDENDA AO CONVENIO PARA A POSTA EN MARCHA DUN FOCO DE EMPRENDIMENTO NO EIDO DA SUSTENTABILIDADE (BUSINESS FACTORY CLIMATECH – BF ClimaTech)

Dunha parte, Dona MARÍA JESÚS LORENZANA SOMOZA, Conselleira de Economía e Industria da Xunta de Galicia, nomeada para o devandito cargo polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, (DOG nº 73, do 14 de abril de 2024), actuando en nome e representación do Instituto Galego de Promoción Económica (en diante, **IGAPE**), por razón do seu cargo e en virtude do disposto no artigo 11 da Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica; e de XESGALICIA, Sociedade Xestora de Entidades de Investimento de Tipo Pechado, S.A.U. (en diante, **XESGALICIA**), na súa calidade de presidenta do seu Consello de Administración, en virtude do disposto no artigo 18 dos seus estatutos.

Doutra parte, Dona JOSEFA DE LEÓN BLANCO, con DNI 34951968H, en representación de Agroamb Prodalt, SL, en calidade de presidenta da ASOCIACIÓN VIRATEC, CLÚSTER GALEGO DE SOLUCIÓNS AMBIENTAIS E ECONOMÍA CIRCULAR (en diante, **VIRATEC**), asociación rexistrada no Rexistro Central de Asociacións de Galicia con número 2021/024554-1ª con NIF G02881563 e domicilio no Edificio FEUGA, Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n, 15705 - Santiago de Compostela (A Coruña), en uso das atribucións que lle confire como presidenta o artigo 23 dos estatutos de VIRATEC, segundo acordo de elección adoptado na asemblea do 4 de xullo de 2024.

As partes recoñécense capacidade legal e xurídica suficiente para formalizar a presente Addenda e, para tal fin

EXPOÑEN:

Primeiro. Con data do 25 de marzo de 2024, a Axencia Galega de Innovación (GAIN), IGAPE, Xesgalicia e VIRATEC, asinaron un convenio de colaboración para a posta en marcha do foco de emprendemento no sector ambiental de Galicia e noutros sectores conexos a este (BUSINESS FACTORY CLIMATECH – BF ClimaTech), para desenvolver tecnoloxías que teñan un impacto positivo no clima e así implementar programas de apoio a iniciativas de emprendemento e consolidación de proxectos especializados nestes ámbitos e a súa transformación en empresas innovadoras, viables e escalables, que capten e reteñan talento, e que contribúan a fortalecer o posicionamento destes sectores e da súa contribución ao cambio climático e incrementar a súa proxección internacional.

Segundo. Por resolución da directora xeral do Igape de data 16/12/2024, que se incorpora como anexo ao Convenio, e en virtude das disposicións previstas no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 140/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria, formalízase a asunción polo Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) das obrigas atribuídas á Axencia Galega de Innovación (GAIN) no Convenio para a posta en marcha do foco de emprendemento no eido da sustentabilidade (BUSINESS FACTORY CLIMATECH – BF ClimaTech).

Terceiro. A demora no lanzamento da convocatoria da primeira edición da aceleradora sobre as estimacións inicialmente previstas tivo como consecuencia que o gasto executado en 2024 fora menor que o orzamentado asignado a esta anualidade ao quedar a meirande parte das actividades do programa de aceleración (formación, titorización, etc.) adiadas ao 2025, ao igual que o seu custo; polo que cómpre levar a cabo a redistribución das anualidades do cofinanciamento do programa operativo da BFClimatech para axustalas á execución real do gasto, así como do financiamento dos proxectos participantes que inicialmente correspondían a GAIN e a de Xesgalicia. O financiamento dos proxectos da primeira convocatoria, que tiña o crédito distribuído nas anualidades de 2024 e 2025, acumúlase na anualidade de 2025 por imposibilidade de ter

cumprimentados todos os trámites necesarios para a sinatura do acordo marco cos proxectos e o pagamento do anticipo dentro deste exercicio 2024, xa que a selección dos participantes definitivos rematou nos primeiros días do mes de novembro.

Cuarto. Finalmente, o IGAPE está desenvolvendo un sistema de monitorización das aceleradoras promovidas pola Xunta de Galicia co obxectivo de facer un seguimento e avaliación do programa, dos proxectos e medir indicadores e o retorno do investimento, polo que a Addenda inclúea a obriga do equipo xestor da BFClimatech de facilitar a información necesaria coa periodicidade que se determine. E tamén se incorporan outras precisións carentes de repercusión económica, pero necesarias para a simplificación e para facilitar a participación de proxectos, a operativa do convenio e a xustificación de gastos.

Estas modificacións foron acordadas e propostas pola comisión de seguimento do convenio na súa reunión do 11 de novembro de 2024.

En consecuencia, as partes acordan subscribir esta addenda, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Modificación da Cláusula Terceira. Desenvolvemento da BUSINESS FACTORY CLIMATECH – BF ClimaTech

Inclúese un parágrafo final na Fase 3: Matching e selección dos mellores proxectos, que queda redactado como segue:

“Non obstante, no caso de que nunha convocatoria non se acade o número máximo de proxectos previsto nun itinerario, poderán incrementarse o número de proxectos seleccionados noutro itinerario sen superar nunca o número máximo total de proxectos de cada convocatoria e sen que supoña incremento do financiamento do IGAPE destinado aos proxectos. De ser o caso, os proxectos adicionais que se incorporen poderán gozar de todas as vantaxes e beneficios da BFClimatech pero non poderán recibir financiamento do IGAPE”.

Segunda. Modificación da Cláusula Sexta. Financiamento dos proxectos participantes

No que respecta ás fases de incubación e de aceleración elimínase o seguinte parágrafo:

“Para a primeira convocatoria, a axuda distribuirase en dúas anualidades cun gasto subvencionable de 12.500 € en cada una delas.”

Terceira. Modificación da Cláusula Oitava. Obrigas de IGAPE

A cláusula oitava queda redactada como segue:

“Obrigas de IGAPE

1. Financiamento aos proxectos de incubación e aceleración en forma de subvención a fondo perdido.
2. Cofinanciamento do orzamento operativo.
3. Co-liderado e participación nas funcións do Consello Executivo”.

Cuarta. Supresión da Cláusula Décima. Obrigas de GAIN

A cláusula décima do convenio queda suprimida.

Quinta. Modificación da Cláusula Décimo segunda. Compromisos de achegas económicas para o financiamento dos proxectos participantes.

O apartado 1 da cláusula Décimo segunda queda redactada como segue :

"1. Financiamento de IGAPE

IGAPE, para subvencionar a fondo perdido aos proxectos nas fases de incubación e aceleración, achegará dos seus orzamentos dos anos 2025 e 2026 a cantidade de 575.000,00 € da maneira que segue, con cargo á partida orzamentaria 09.A1.741A.770.0:

Anualidade	2025	2026	TOTAL
Incubación	75.000 €	50.000 €	125.000 €
Aceleración	250.000 €	200.000 €	450.000 €

Manténdose o resto do apartado 1 coa mesma redacción.

O cadro incluído no apartado 2 da cláusula Décimo segunda correspondente ao Financiamento de XESGALICIA queda distribuído como segue :

Anualidade	2025	2026	TOTAL
(i) Aceleración	500.000 €	400.000 €	900.000 €
(ii) Consolidación	2.250.000 €	1.500.000 €	3.750.000 €
TOTAL	2.750.000 €	1.900.000 €	4.650.000 €

Sexta. Modificación da Cláusula Décimo terceira. Financiamento operativo da BF ClimaTech: custos de execución e xestión.

O parágrafo 2 da cláusula Décimo terceira queda redactada como segue:

"IGAPE cofinanciará, con cargo á partida 09.A1.741A.6400, os custos de execución e xestión da **BF ClimaTech** cunha achega plurianual do 80% para os gastos propios, para os custos indirectos (estimados nun 25% dos custos propios) e para as contratacións de servizos externos, cos límites especificados nas táboas seguintes:

GASTOS OPERATIVOS DE EXECUCIÓN E XESTIÓN TOTAIS	2024	2025	2026	Total (€)
	1ª edición	1ª e 2ª edición	3ª edición	
Custos propios	36.960,02	163.039,98	100.000	300.000 €
Custos indirectos (25%)	9.240,01	40.760,00	25.000	75.000 €
Servizos externos	161.146,00	288.854,00	225.000	675.000 €
TOTAIS	207.346,03	492.653,98	350.000	1.050.000 €
TOTAIS por ano	207.346,03 €	492.653,98 €	350.000 €	1.050.000 €
TOTAIS por edición	350.000 €	350.000 €	350.000 €	1.050.000 €

GASTOS OPERATIVOS DE EXECUCIÓN E XESTIÓN ACHEGA VIRATEC	2024	2025	2026	Total (€)
	1ª edición	1ª e 2ª edición	3ª edición	

Custos propios	7.392,00	32.608,00	20.000	60.000 €
Custos indirectos (25%)	1.848,00	8.152,00	5.000	15.000 €
Servizos externos	32.229,20	57.970,80	45.000	135.000 €
TOTAIS	41.469,20	98.530,80	70.000	210.000 €
TOTAIS por ano	41.469,20 €	98.530,80 €	70.000 €	210.000 €
TOTAIS por edición	70.000 €	70.000 €	70.000 €	210.000 €

GASTOS OPERATIVOS DE EXECUCIÓN E XESTIÓN ACHEGA IGAPE	2024	2025	2026	Total (€)
	1ª edición	1ª e 2ª edición	3ª edición	
Custos propios	29.568,02	130.431,98	80.000	240.000 €
Custos indirectos (25%)	7.392,01	32.608,00	20.000	60.000 €
Servizos externos	128.916,80	231.083,20	180.000	540.000 €
TOTAIS	165.876,83	394.123,18	280.000	840.000 €
TOTAIS por ano	165.873,83 €	394.123,18 €	280.000 €	840.000 €
TOTAIS por edición	280.000 €	280.000 €	280.000 €	840.000 €

A continuación do parágrafo “Os custos dos recursos internos e externos postos a disposición do programa BF Climatech polas empresas tractoras socias de VIRATEC e as entidades do Consello de Entidades asinantes do acordo incluído no Anexo III consideraranse custos propios de VIRATEC a estes efectos”, engádese o seguinte parágrafo:

“Nese caso, os custos de dedicación do persoal das empresas tractoras e das entidades do Consello de Entidades poderán xustificarse mediante partes de traballo cun módulo máximo de custo de 70 €/hora”.

Finalmente, elimínase o parágrafo penúltimo da cláusula Décimo terceira, relativo a que “Os custos propios así xustificadas deberán manter unha proporción do 44% como mínimo respecto dos custos de servizos externos; en cómputo anual.”

Sétimo. Modificación dos anexos I e III

1. Anexo I. GOBERNANZA E XESTIÓN DO PROGRAMA BF Climatech. ÓRGANOS DE GOBERNO:

O último punto do apartado 1, Consello executivo, queda redactado como segue:

“• Representación: calquera membro do Consello Executivo poderá ser representado por outro membro”.

No punto 3, Equipo Xestor, no apartado Cadro de Mando de Indicadores

Engádese un parágrafo final coa seguinte redacción:

Asemade, o Equipo Xestor facilitará ao IGAPÉ os datos e información necesarios para a alimentación do sistema de monitorización das aceleradoras de emprendemento innovador

promovidas pola Xunta de Galicia co obxectivo de facer un seguimento e avaliación do programa, dos proxectos, e medir indicadores e o retorno do investimento.

2. Anexo III. ACORDO DE ADHESIÓN PARA ENTIDADES DO CONSELLO DE ENTIDADES TRACTORAS, TECNÓLOGOS E INVESTITORES

O anexo III queda redactado como segue:

ANEXO III ACORDO DE ADHESIÓN AO CONSELLO DE ENTIDADES TRACTORAS, CIENTÍFICAS E INVESTITORAS

Don/Dona __, como __ e en representación da entidade __ (en diante ____), con NIF __, domicilio social en __ e dirección electrónica a efecto de notificacións __, como entidade tractora/científica/investidora.

Don/Dona _____, en representación da entidade Clúster Galego de Solucións Ambientais e Economía Circular (en diante VIRATEC), con NIF G02881563, domicilio social en Rúa Lope Gómez de Marzoa, s/n, Edificio FEUGA – Campus Vida, 15705 – Santiago de Compostela (A Coruña) e dirección electrónica a efecto de notificacións info@bfclimatech.gal, como responsable da BUSINESS FACTORY CLIMATECH – BF ClimaTech

DECLARAN

1. Que a entidade ____ está interesada na súa adhesión ao programa **BUSINESS FACTORY CLIMATECH – BF ClimaTech** subscrito por VIRATEC en representación do sector ambiental galego e a Xunta de Galicia e os seus organismos, Instituto Galego de Promoción Económica (en diante, IGAPE) e XESGALICIA Sociedade Xestora de Entidades de Investimento de Tipo Pechado, S.A.U., (en diante, XESGALICIA), para o desenvolvemento das actividades que nel se conteñen.
2. Que coñece o contido das condicións incluídas no referido convenio, entre as que se atopa o seu dereito para ser membro de pleno dereito do Consello de Entidades Tractoras, Científicas e Investidoras cos mesmos dereitos e obrigas que os demais integrantes do mesmo.
3. Que asume as obrigas derivadas da súa participación nas actividades recollidas no convenio, entre as que se atopan:
 - Definir os retos que orientarán cada unha das convocatorias da BF ClimaTech. Os retos poderán ser propostos por calquera das empresas membro, pero deberán ser aprobados mediante votación. A lista de retos emanada do Consello de Entidades deberá ser ratificada polo Consello Executivo.
 - Opción, mediante acordo adicional, de apoiar con recursos propios ao proxecto acompañando os recursos públicos postos á disposición pola Xunta de Galicia, tales como designación dun mentor do proxecto e outros servizos de apoio.
 - Participar na avaliación dos proxectos candidatos e a adecuación dos seus respectivos equipos para garantir que a súa participación nos programas de incubación, aceleración ou consolidación dará os resultados esperados. Encargado do proceso de selección de proxectos, o Consello de Entidades elevará ao Consello Executivo a proposta de proxectos a seleccionar.
 - Supervisar a evolución de todos os proxectos participantes nos programas de incubación, aceleración e consolidación, e definir as medidas de corrección que se estimen oportunas.
 - Desempeño das devanditas actividades, segundo se describe no convenio, baixo a coordinación xeral do Equipo Xestor e a supervisión do sistema de gobernanza da BF Climatech.

4. Que os membros do Consello de Entidades non poderán participar como promotores ou integrantes dos proxectos seleccionados.
5. Que o Consello de Entidades non terá representación fixa no Consello Executivo, pero poderá ser convocado a participar nas reunións deste órgano, con voz pero sen voto, cando así se lle requira pola presidencia do Consello Executivo.
6. Que o funcionamento dos órganos de goberno farase ao amparo do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, capítulo I do título I (artigo 15 e seguintes) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

E pola presente,

ACORDAN

1. A adhesión da entidade ____ (ACRÓNIMO) __ ao Consello de Entidades Tractoras, Científicas e Investidoras do programa BUSINESS FACTORY CLIMATECH – BF ClimaTech.
2. A designación de Don/Dona _____ con DNI nº _____, como representante da entidade _____ no Consello de Entidades Tractoras, Científicas e Inversoras do programa BUSINESS FACTORY CLIMATECH – BF ClimaTech.

En _____, a ____ de _____ de _____

Por parte da entidade tractora/científica/investidora

Por parte da BUSINESS FACTORY CLIMATECH – BF ClimaTech

Oitava. ADDENDUM

Elimínase o Addendum.

O resto de cláusulas do convenio asinado o 25 de marzo de 2024 permanecen inalterables e terán plena validez.

E en proba de conformidade, as partes asinan electronicamente a presente Addenda o 28 de xaneiro de 2025.

A Conselleira de Economía
e Industria

María Jesús Lorenzana Somoza

A Presidente da Asociación Clúster Galego
de Solucións Ambientais e Economía Circular

Josefa de León Blanco